

COMPARECENCIA PARLAMENTARIA A PETICIÓN DO RELATORIO ENCARGADO DE ESTUDAR A MODIFICACIÓN DO MARCO LEGAL DA CRTVG E AS SÚAS SOCIEDADES

(Parlamento de Galicia, 13 de xullo de 2010)

Central Unitaria de Traballadores – Sección Sindical da CRTVG

Alberto Vázquez Chiva, Delegado da sección sindical na CRTVG

Consideracións previas

En primeiro lugar, en nome da sección sindical da Central Unitaria de Traballadores, debo agradecerlle ao Parlamento de Galicia, á súa presidenta e mais a tódolos grupos políticos que conforman esta Cámara, o convite e a oportunidade de ofrecerlles algunhas das nosas consideracións a este relatorio encargado de estudar e acordar un novo texto que lexisle a Compañía da Radio e Televisión de Galicia.

A CUT comparece en nome dun considerable colectivo de profesionais da comunicación conscientes da importancia que a reforma da nova Lei, de ser aprobada, pode ter no futuro da Compañía de Radio Televisión de Galicia. Este sindicato, comparece con vontade de construír e de expoñer, de xeito obxectivo, o panorama actual no que está inmersa a CRTVG para a consideración deste relatorio. A nosa prioridade e contribuír a un modelo de futuro que permita a viabilidade da Compañía e o cumprimento dos principios para os que foi inicialmente concibida.

Sentímonos na obriga de felicitar aos grupos parlamentarios que conforman a cámara por esta iniciativa, que pode edificar os alicerces para un modelo de radio e televisión públicos de calidade e de utilidade para a sociedade galega.

Dende o noso punto de vista, é incuestionable a propia existencia dun medio público en Galicia para satisfacer, no ámbito autonómico, o dereito fundamental que establece o Artigo 20 da Constitución Española. Ese debe ser o referente para artellar o articulado da Norma que regulamente o funcionamento da CRTVG e a súa relación cos poderes executivo e lexislativo.

Estamos convencidos de que todas as aportacións neste relatorio coinciden na necesidade de crear un modelo de radio e televisión de calidade, tecnoloxicamente adiantada, que rendibilice os seus orzamentos e que contribúa a dinamizar o sector audiovisual do noso país. A peculiaridade do aporte deste sindicato está acreditada pola nosa propia experiencia no marco profesional e laboral na actual CRTVG. Os nosos afiliados e simpatizantes son os que xeran boa parte dos contidos que produce a Compañía ou os que posibilitan tecnicamente as súas emisións.

Esa experiencia vivida internamente permite que lles mostremos un panorama que agardamos lles sexa útil e clarificador. Nestes 25 anos, ademais de ofrecer oportunidades laborais, a CRTVG investiu grandes recursos en formar ao seu actual cadro de persoal. Por iso pensamos que os profesionais e as profesionais da Compañía son o seu principal e máis valioso activo, que o propio articulado da Lei da CRTVG debe valorar e protexer. Os novos medios técnicos, ou os instrumentos actuais ou futuros dos que poida dispoñer o medio audiovisual público son, en realidade, un gasto corrente e permanente de explotación. Trátase de ferramentas para mellorar a eficiencia no traballo dos profesionais da comunicación que producen os contidos para as emisións.

Non podemos esquecer os do audiovisual galego, nin dos homes e mulleres que crean cultura no noso país, que precisan dunha fiestra e dun modelo de medios de comunicación públicos que lles ofrezan oportunidades para desenvolveren o seu maxín, os seus traballos, as tradicións galegas e as novas tendencias, a riqueza intelectual e expresiva dos que algún día decidiron consagrar a súa vida para agrandar os nosos valores sociais, culturais e da nosa lingua.


Sabemos que, na actualidade, as emisións transcenden o ámbito local e rexional. As posibilidades técnicas ofrécennos a opción de exportar o noso idioma, a nosa cultura, as nosas raíces, a nosa ciencia, o noso progreso e o noso pensamento a calquera punto do mundo. Os medios técnicos permiten manter os vínculos dos galegos coa diáspora a través da radio, da televisión ou da Internet, á marxe doutras ferramentas futuras que se poidan desenvolver. Por iso pensamos que a reforma da Lei de Creación da CRTVG non debe esquecer a posibilidade da máxima expansión e difusión global das súas retransmisións.

A televisión e radio públicas de Galicia teñen a obriga de cumprir a función social de satisfacer o dereito fundamental a comunicar e recibir libremente información, de garantir o acceso aos devanditos medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e da lingua, e fortalecendo o idioma propio.

Misións obxectivas

Este parlamento creou na Lei 9/1984, de 11 de xullo, o texto que posibilitou o nacemento da CRTVG. Hoxe, transcorridos máis de 25 anos, en Galicia non temos dúbidas sobre a súa importancia no desenvolvemento do noso país. Todos estamos de acordo no valor que ten un medio de comunicación público nunha comunidade histórica como a nosa, con idioma propio e cunha cultura de seu. Un medio de comunicación público sólido fornece a dimensión dunha comunidade. Galicia, por ser unha nacionalidade histórica, por ter un idioma propio e unha cultura que nos diferencia singularmente doutras, precisa especialmente dun medio público. A existencia da CRTVG ten unha razón de ser que os representantes políticos definiron perfectamente en 1984. Á CRTVG atribúeselle “a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega”. Máis adiante o texto subliña que debe ofrecer “calidade ... favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega”. Polo tanto, a CRTVG, tras 25 anos, demostra coas súas emisións que protexe o idioma galego, amplifica o seu coñecemento e axuda tamén de forma decisiva a normalización da nosa lingua oficial. A CRTVG abre as portas a novos xeitos de entender o mundo cultural, social e político, relatados no noso idioma e dende a perspectiva galega. A CRTVG danos voz aos galegos e galegas. 3 de cada 4 cidadáns valoran positivamente o uso do galego na Compañía.

Fonte: Sondaxe. Enquisa realizada no ano 2006




Dende a CUT estamos convencidos de que se pode mellorar o modelo de xestión do medio, pero nunca facendo feble o principal instrumento que garante o dereito fundamental da comunicación pública en Galicia.

Sobre o nomeamento do Director xeral

Sobre o nomeamento do Director Xeral manifestámonos na liña que xa se está a traballar nestes relatorios. Cremos que esta cuestión xa tiña que estar abordada con anterioridade, e aproveitamos aquí para destacar que no ano 2001 foi obxecto dunha Iniciativa Lexislativa Popular, na que algúns membros deste sindicato participamos, pero que finalmente non prosperou. Así pois, estamos en sintonía coas propostas para que a designación do Director Xeral da CRTVG se faga pola maioría das forzas parlamentarias, e consideramos os 2/3 o crédito axeitado para o seu nomeamento en caso de que non exista unanimidade plenaria. Tamén pesamos que neste senso sería moi importante que a elección non coincida co comezo das legislaturas do Parlamento de Galicia.

Escenario actual e futuro

En 1984, cando se promulgou a lei de creación da CRTVG, xa se abrían camiños aos seguros avances tecnolóxicos que van ligados á comunicación. No artigo 1.3 defínese que unha das funcións é a de *“promover activamente o desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico, utilizando tódalas formas e medios de distribución ... así como as novas técnicas de produción e de difusión, ..., incluídas as dixitais”*. Ben, pois, cando esta lei foi concibida a CRTVG nacia cunha canle de televisión e cunha emisora de radio. As posibilidades tecnolóxicas e os acordos dos distintos gobernos autonómicos en Galicia leváronnos a un novo escenario: dúas canles de televisión, tres cadeas de radio e un portal web de información sobre os contidos da CRTVG. Se observan o cadro comparativo adxunto verán que outras cadeas autonómicas históricas como TV3 ou ETB contan xa con 6 cadeas de televisión, mais 5 emisoras de radio no caso do País Vasco e 4 no de Cataluña.



Fonte: CUT

As emisións televisivas a través da Televisión Dixital Terrestre (TDT) revolucionan o concepto televisivo, xa que transportan un sinal dixitalizado de datos que se pode transformar en difusión de TV con calidade DVD. En cada canle UHF de 8 Mhz é posible transmitir un fluxo dixital –chamado múltiplex- de arredor de 20 Mb/s, suficientes para transmitir 4 canles ou frecuencias con programacións independentes. A TVG explota actualmente dúas frecuencias dun múltiplex que se corresponden coas emisións das canles xeralistas TVG e TVG2. As outras frecuencias dese múltiplex están asignadas a dúas sociedades privadas, concretamente a Voz TV e a PopularTV. Co plan de Impulso da TDT Galicia está en situación de dispoñer dun novo múltiplex completo, que se pode segregarse en catro canles de televisión en calidade DVD ou dúas en Alta Definición.

A Central Unitaria de Traballadores considera esencial a explotación inmediata desas canles en beneficio da sociedade e, por iso, suxire que a futura regulación normativa obrigue á CRTVG a dotar de contidos a esas novas frecuencias.

As análises da nosa sección sindical fan pensar que o actual modelo pode medrar co cadro de persoal que agora traballa na central de San Marcos e nas delegacións (contratados e fixos). É unha aspiración da CUT, dos profesionais da comunicación da CRTVG e mesmo dos distintos equipos directivos a posta en funcionamento dunha canle 24 horas de información con contidos locais, galegos, nacionais e internacionais de interese para a sociedade do noso país e dende a perspectiva dos galegos e galegas. O devandito proxecto é, ao noso xuízo, o mellor xeito de defender os dereitos do Artigo 20 da Constitución Española. As dúas canles xeralistas que agora emiten, difunden e reemiten unicamente unha porcentaxe mínima da información que reciben os Servizos Informativos, por motivos obvios de espazo, sintetizando e desbotando material que pode ser de interese para a sociedade. Os recursos que ofrece o propio Parlamento de Galicia, para divulgar as súas sesións ou comisións, agora dispoñibles a través da Internet, unha ferramenta á que, por cuestións técnicas ou económicas, aínda non accede a totalidade da cidadanía, tamén poden ser obxecto de ampla difusión informativa a través do futuro múltiplex.

As novas tecnoloxías son un reto aínda na CRTVG. Os procesos de produción dixitais, xa estendidos en todos os medios de comunicación, permitirían mellorar a xestión dos tempos de traballo e a rendibilidade de produción para os profesionais, sempre necesarios, por que son os que se encargan de xerar os contidos.

Igualmente, as posibilidades da Internet e da tecnoloxía móbil interactiva deben formar parte do modelo público, permitindo a participación social, de colectivos e cidadáns no exercicio do seu dereito de expresión.

Á marxe dos contidos esencialmente informativos, as canles temáticas, ou a tematización das canles, representan un xeito eficaz de ofrecer un servizo público con contidos especializados para os numerosos grupos que conforman a pluralidade da sociedade galega. A infancia e a xuventude ten a oportunidade de formarse dende a nosa lingua, sempre cos modelos que determine o Parlamento de Galicia a través dos seus representantes, pero por medio dunha canle especializada. Igual que anteriormente destacamos a importancia das expresións culturais e das tradicións autóctonas, os deportes representan un elemento sobre os que a sociedade demanda ampla información e divulgación, abondo para encher os contidos dunha única canle. De feito, a segunda emisora da TVG, onde especificamente se produce programación deportiva exclusiva, ten un alto seguimento por parte dos espectadores. Unha proba é que un partido da fase de ascenso de Segunda División B á Segunda División, entre o Pontevedra e o Alcorcón, na TVG2 obtivo unha cota de pantalla do 10,2%, sendo a cuarta canle máis vista a esa hora en Galicia.

Desde o pasado mes de abril, a emisión exclusiva pola TDT obrigounos a convivir nun novo panorama audiovisual que nos conduce a cambiar os obxectivos. Unha referencia pode ser o modelo de Radio Televisión Española que compite con canles de contidos propios que suman o conxunto da súa audiencia. RTVE conta con dúas cadeas xeralistas e con outras especializadas, como Clan TV, para o público infantil, a canle 24 horas de información, e Teledeporte. Dese xeito forman un gran grupo no panel das audimetrías. Todas esas canles teñen importancia para o grupo e todas elas gozan da axeitada promoción por parte dos seus xestores.

Tanto TV3 como ETB, igual que outras autonómicas, xa deron tamén este paso, cara canles especializadas nunha temática concreta.

A proximidade da CRTVG

Á marxe dos inexcusables factores de promoción da lingua, recollida na carta fundacional da CRTVG, e da divulgación da nosa cultura, hai outros factores que xustifican claramente o modelo de medios de comunicación públicos.

Desde o noso punto de vista, o elemento de proximidade e a información propia, como argumentabamos antes, para satisfacción dos dereitos fundamentais que recolle o Artigo 20 da Constitución Española é o que lle da sentido a nosa radio e a nosa televisión. Os oíntes e os espectadores buscan nas nosas emisións aquilo que lles é máis próximo, o que lle afecta. Tamén queren comunicarse, queren denunciar e promocionar as cousas que dan valor ao país.

A audiencia galega ten a necesidade de informarse, por exemplo, das axudas a dispor en Galicia, dos servizos que lle presta a administración, ou dos feitos noticiosos que son exclusivamente relevantes en Galicia e para os galegos e galegas.

Tamén busca entreterse con produtos propios, feitos en Galicia e coa idiosincrasia que nos caracteriza. Todo iso sen ter que facer un desembolso económico inmediato.


Veñen de publicarse os índices de audiencia da Radio Galega que rexistra, segundo a última ondada do EXM, o 3º mellor dato da historia, desde que se fragmentaron as emisoras da Radio Galega, e o 8º dato histórico dun total de 53 ondas publicadas polo EXM. A Radio Galega conta segundo eses números oficiais con 172.000 oíntes. E a televisión, pese a fragmentación das audiencias, que castigan sobre todo ás televisións xeralistas, non só á TVG, este mes de xuño foi líder de audiencia cun 18,6 por cento de cota de pantalla.

A Radio e a Televisión de Galicia esixen un elevado orzamento, pero son rendibles porque teñen seguimento, cumpren unha función social e satisfán un dereito fundamental. Os galegos vemos a TVG e escoitamos a Radio Galega. Ese logro foise creando ó longo destes 25 anos.

ESTUDO XERAL DE MEDIOS (EGM)

2ª OLA 2010

TOTAL DÍA



Fonte: EGM


Coa chegada da TDT todas as grandes cadeas resentíronse nas audimetrías de xeito proporcional. Logo de cinco meses co novo sistema, a canle autonómica está a ser líder no seu territorio.

En todo caso, se observan os gráficos na documentación que lles aportamos comprenderan a importancia da tematización das canles, que se debe incluír como un obxectivo na reforma da Lei.

AUDIENCIAS DE RESTO TDT + TVG2

ABRIL - XUÑO

TOTAL DÍA



Fonte: Kantar Media

Entre todas as canles temáticas que emiten suman un 25% de cota de pantalla, en detrimento da torta das audiencias que se reparten as cadeas de contidos xerais, como xa lles subliñamos neste relatorio. Destaca, entre estas canles temáticas, a audiencia de Clan TV, de contidos para nenos e mozos. O seu éxito permite defender a produción propia infantil e xuvenil da CRTVG, especialmente representada polo Xabarín Club, fomentando tamén o traballo das produtoras galegas de animación e ficción.

En definitiva, ca xestión óptima dos actuais recursos orzamentarios e humanos, pensamos que é posible que a CRTVG evolucione cara un modelo máis amplo e efectivo, sempre e cando a vontade política permita unha reforma extensiva e non constrictiva da Lei da CRTVG.

Compromisos

Un dos principios sinalados na lei de creación da CRTVG de 1984 expón no seu artigo 16, apartado b, o *“respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións”*. No apartado dese mesmo artigo cita tamén *“o respecto o pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico”*. Tamén se fala do respecto *“á honra, á fama, á vida privada das persoas ou a protección da mocidade e da infancia”*. Para poder cumprir con estes principios, desde o punto de vista xornalístico, propoñemos que a lei articule a creación de órganos de control de obrigado cumprimento.

Creemos precisa a redacción dun novo e detallado libro de estilo para os informativos, a formación dun Consello de redacción e a elaboración dun Estatuto de Redacción, para o control e a maior eficacia dos contidos informativos dos medios públicos galegos. Son medidas de estándares de ética profesional que deben facer que a Radio e a Televisión de Galicia se consoliden como un medio público maduro, fiable, plural, crítico e democrático. Estes estándares éticos poderían permitir unha cultura informativa rigorosa e de calidade, e tal información debe ser de referencia no noso país. Como Compañía sería importante que a CRTVG asine os diversos códigos éticos, como xa fixeron outras cadeas públicas, para garantir a calidade e o rigor dos seus servizos informativos. Exemplos hai varios, como o *Código para o Fomento da Autorregulación sobre Contidos Televisivos e Infancia*, o documento redactado pola FAPE sobre *o tratamento do terrorismo* en 2005, ou un propio editado por RTVE en 2002, o *estudo sobre o tratamento da violencia doméstica*, ou *o tratamento das traxedias persoais*. Neste senso, non se pode esquecer o terreo da publicidade, onde tamén os controis deben ser serios e rigorosos, polo que cremos que un medio público como o noso tamén debe estar de acordo co *Convenio de Autorregulación da Publicidade en Televisión*.

Como mecanismo de autorregulación propoñemos que se estableza a creación e a regulación da figura do *Ombudsman* ou Valedor do telespectador e do oínte, para que a audiencia conte cun órgano a través do que tramitar as súas queixas e inquiredanzas e, á súa vez, a CRTVG unha ferramenta de conexión cos espectadores e oíntes.

Estas medidas que lles propoñemos de autocontrol ou de control interno son órganos para garantir a calidade e o servizo público. De aí que, aproveitando a xenerosidade da súa invitación, lles instemos a contemplar tales elementos de autorregulación no novo texto da Lei, precisos nunha radio e televisión públicas.

Tamén lles animamos a considerar ó concepto de Responsabilidade Social Corporativa. Sería axeitado que a CRTVG presente anualmente ante este Parlamento un informe a maiores do control das finanzas, dos niveis de audiencia, da imparcialidade ou da transparencia informativa dos espazos da televisión e a radio públicas. Consideramos importante que coñezan a través dunhas memorias anuais de Responsabilidade Social Corporativa os esforzos que realiza a Compañía para aforrar cartos, para ser respectuosos, por exemplo, co medio ambiente ou para saber o grao de satisfacción e o control interno dos seus profesionais.

Solucións os problemas laborais da CRTVG


Un dos problemas máis graves que afronta dende hai anos a Compañía é o laboral. Neste capítulo debemos facer algo de historia. Cando naceu a Radio e Televisión públicas de Galicia, os seus reitores, co visto e prace do goberno, incorporaron como traballadores da CRTVG a numeroso persoal cunha simple entrevista. Así accederon á súa praza fixa máis de 300 traballadores e traballadoras actuais da empresa. Daquela non había Facultade de Xornalismo en Galicia. Tampouco órganos colexiais, como o Colexio de Xornalistas de Galicia, de creación recente. Anos máis tarde, en 1992, houbo unhas oposicións, practicamente as únicas desde aquela, agás un proceso selectivo para un número moi reducido de prazas hai poucos anos. Deste xeito chegou a un cadro de persoal de algo máis de 500 traballadores e traballadoras de carácter fixo. Desde entón, pasaron 18 anos e non se volveu facer unha convocatoria seria de oposicións na CRTVG. Pola contra, si se fixeron probas de acceso para todos os contratado que se foron incorporando e que forman parte do actual cadro de persoal, preciso para satisfacer as necesidades estruturais e da produción propia.

Como saben, durante todos eses anos as fórmulas de contratación foron totalmente irregulares, un feito recoñecido oficialmente pola Compañía a través do Diario Oficial de Galicia o venres 16 de xaneiro de 2009, no que se di textualmente: *“Ao longo dos anos foi unha realidade na CRTVG e as súas sociedades a utilización da contratación laboral artística para a realización de funcións propias ou semellantes ás funcións de redactor ou locutor. Outra práctica que tamén se estendeu ao longo dos anos foi a contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal para realizar funcións propias de categorías reguladas no convenio colectivo”*. A contratación en fraude de lei desencadeou nunha severa xudicialización das relacións laborais que rematan sistematicamente con sentenzas a prol dos dereitos de traballadores e traballadoras, que a CRTVG recorre indiscriminadamente a pesar das sentenzas na súa contra. Actualmente hai arredor de 300 demandas para esixir recoñecemento de dereitos e cantidades. Moitas xa ratificadas polo Tribunal Supremo. A maioría das denuncias pertencen a persoal que amorea máis de dez anos de contratación, pero hai traballadores con 20 ou 25 anos de antigüidade. Mesmo algúns con oposicións aprobadas pero sen praza. Na empresa hai unha evidente fractura social debido ao agravio comparativo que representan os procesos de consolidación efectuados na propia administración pública de Galicia, na Radio Televisión Española ou noutras canles autonómicas, nas que se argallaron fórmulas de consolidación real de emprego legais a través de acordos entre a empresa e a parte social ou por fórmulas baseadas no consenso parlamentario. Algunhas solucións utilizadas neses procesos están avaladas pola xustiza e mesmo polo Tribunal Supremo, como no caso da consolidación en Canal Sur de máis de 320 traballadores a través dun acordo no Convenio Colectivo co único criterio de ter cotizados 2585 días nesa compañía, unha solución ratificada polo Tribunal Supremo en recurso de casación 183/2007 de 23 de setembro de 2009.

As cantidades indemnizatorias polas sucesivas sentenzas que condenan á CRTVG representan varios millóns de euros que é posible aforrar a través dunha solución negociada evitando, a duplicidade de prazas que pode representar a declaración de contratos de indefinidade. Esta mesma sección sindical estaría disposta a acordar cos traballadores e traballadoras a renuncia a tales indemnizacións a cambio dun proceso de consolidación real a través dun acordo en convenio colectivo ou, se vostedes o estiman oportuno e teñen esa vontade, por medio dunha disposición adicional transitoria incorporada á reforma da Lei 9/1984, de 11 de xullo de Creación da Compañía de Radio Televisión de Galicia.


Actualmente a CRTVG é a empresa que manexa un dos menores orzamentos de tódalas televisións autonómicas. Para este ano 2010, orzamentáronselle inicialmente 136 millóns de euros, que distan moito dos 200 millóns de Canal 9, dos 239 de Canal Sur, dos 179 de ETB ou dos 480 millóns de euros cos que conta TV3.

A CRTVG ten o cadro de persoal máis pequeno de todas estas canles históricas. Arredor de 1000 empregados, uns 200 máis sumando o persoal das diversas delegacións. Estas cifras contrastan cos 2750 traballadores de TV3, os 1800 de Canal 9, os 1400 de ETB, os 1600 de Canal Sur ou os 1200 de Telemadrid.



Fonte: CUT

No referido á calidade do emprego entre as canles autonómicas históricas, podemos comprobar como en TV3 son fixos o 92,6% dos traballadores, ou como en Canal Sur e Telemadrid máis do 75 por cento do seu cadro de persoal e fixo, cando curiosamente, a compañía autonómica madrileña conta cun menor orzamento que a galega. A CRTVG é a empresa co índice máis alto de traballadores precarizados, o 44%.



Fonte: CUT

Cómpre facer fincapé en que, ao noso modo de ver, o cadro de persoal da Compañía de Radio Televisión de Galicia está convenientemente dimensionado. Conta cunha estrutura de persoal axeitada para acometer os futuros proxectos que permitan manter o nivel competencial do Ente galego. Na actualidade hai comprometida entre a dirección e a parte social unha Oferta de Emprego Público con 220 prazas para diferentes categorías profesionais. A sección sindical da CUT, igual que boa parte dos traballadores e traballadoras, considera que se trata dunha solución parcial, que non resolve a situación de xudicialización das relacións laborais, nin acomete remedios para a excepcionalidade dunha precariedade histórica na contratación de xeito fraudulento. Os traballadores e traballadoras non son os responsables desta situación creada polos sucesivos equipos de Recursos Humanos e consentidos polos distintos Comités de Empresa. A OEP tampouco contempla a posibilidade dunha redefinición de categorías profesionais, indispensable para acometer novos proxectos, nin tampouco considera as conclusións deste relatorio, que debe ter a ambición de esclarecer o modelo de medios de comunicación públicos que precisa Galicia. Parécenos sensato dilatar ese proceso ata que haxa unha nova Lei da CRTVG. Tamén nos parece de xustiza, recoñecerlles os dereitos conforme á Lei aos profesionais contratados en precariedade e procurar a vontade e o consenso político a prol dunha solución excepcional para unha situación de excepcionalidade que, definitivamente, garanta a viabilidade futura do medio e permita aforrarlle ás arcas públicas millóns de euros en indemnizacións.

O persoal que traballa na CRTVG accedeu aos seus contratos mediante as oportunas probas libres de selección en condicións igualitarias, moitos teñen recoñecidos os méritos e a antigüidade por sentenza xudicial e, porén, foron obxecto dunha xestión que lesionou os dereitos que lles garante o Estatuto dos Traballadores. Unha disposición adicional transitoria, por unha única vez, para permitir o acceso directo deses traballadores no marco da reforma da Lei de Creación da CRTVG é unha solución xusta e lexítima que lles pregamos consideren como unha medida excepcional.

A explotación de novas emisións a través da TDT é tamén un argumento válido que xustifica a incorporación do persoal en precario cara unha posición laboral fixa nun proceso semellante ao publicado no Diario Oficial de Galicia o xoves 11 de setembro de 1986, que permitiu a incorporación do seu primeiro grupo de traballadores e traballadoras. Todo o persoal contratado xa ten efectuado as convenientes probas de acceso á CRTVG. É incuestionable que unha empresa pública debe defender un traballo de calidade para os seus traballadores. A creación de calquera nova canle ten que afianzar os postos dos traballadores e traballadoras, posto que xa superaron un proceso selectivo libre, aberto e publicitado e teñen, ademais, demostrado os seus méritos durante anos. Un proceso que se pode argallar de xeito gradual, acorde coa correspondente dotación orzamentaria.

A sección sindical da CUT confía na necesidade de que nos futuros convenios colectivos a empresa teñan a capacidade para flexibilizar as súas relacións laborais cos traballadores para facer á CRTVG mellor e máis competitiva. A nova Norma debe artellar mecanismos que obriguen á optimización dos recursos propios, permitan manter o cadro de persoal actual xa formado, e obriguen a cambiar o modelo de delegacións, en parte en mans privadas, pero que nutren importantes espazos e contidos informativos da Radio e a Televisión de Galicia e que, ademais son precisas para defender a idea de *“Galicia, cidade única”*, nunha situación inusual de espallamento da poboación. Por suposto, é tamén necesario un orzamento axeitado para que a Compañía poda permitirse competir no marco actual e, dese xeito, cumprir o seu obxectivo de servizo público que resposta ao dereito constitucional dos cidadáns galegos a recibir información do seu interese e na súa lingua.

Consideracións finais

En 25 anos de historia, a Radio e a Televisión de Galicia cumpriron co seu papel de dinamizadores culturais, de normalizadores da lingua, de fomento do galego e de proximidade á cidadanía nos diversos espazos informativos e de entretemento.

Durante todo este tempo, o traballo dos seus profesionais é incuestionable e debe ser recoñecido. A posibilidade de explotar novas canles a través da TDT, e as emisións actuais da segunda canle da TVG, son os alicerces que reforzan o sector audiovisual do noso país. Pola contra, é precisa a independencia dos servizos informativos desvinculándoos de empresas privadas externas.

O Parlamento de Galicia debe esixir un orzamento axeitado para que o Ente público poida ser realmente motor do audiovisual pero, en primeiro termo, saneando o problema laboral interno da CRTVG.

A incorporación de novos órganos de autorregulación, como o defensor do espectador, o consello de redacción, ou un manual de estilo común, xunto co establecemento de métodos auditores para a xestión deben servir para establecer os alicerces dun medio de comunicación público eficaz e con proxección de futuro.

Esta comparecencia da Central Unitaria de Traballadores no marco deste importante relatorio representa a un nutrido número de empregados e empregadas da CRTVG que, nos consta, acreditan o máis serio espírito de colaboración, profesionalidade e servizo público.

E nome desas persoas que conforman o cadro de persoal da CRTVG ofrecémoslles toda a nosa cooperación e, igualmente, quedamos atentos a calquera consulta que desexen facernos.

Moitas grazas por darlle voz neste relatorio a boa parte do persoal da Compañía de Radio Televisión de Galicia a través do noso sindicato e tamén pola súa atención.

SECCIÓN SINDICAL CRTVG.TVG.RG

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

Sección Sindical da Central Unitaria de Traballadores na CRTVG